

Resolución reitoral pola que se concede a unha bolsa para a formación en Centros Universitarios da Universidade de Vigo para o curso 2025/26.

Visto o punto 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo de 2025 de convocatoria de bolsas formación en centros universitarios no que se establece a obrigatoriedade de enviar os documentos de alta na Seguridade Social no prazo de tres días e establece que a non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución

Esta Reitoría resolve:

Declarar a renuncia de **Alejandro Loroño Costas** coa correspondente perda de dereitos de cobro con efectos administrativos do 16 de outubro.

Existindo persoas candidatas na listaxe de agarda, e en virtude do disposto no punto 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo de 2025 pola que se convocan as bolsas formación en Centros Universitarios, conceder a **Paula Vega Carracedo** a **Bolsa VI-C-1 Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía de Vigo - Divulgación científica (15 horas)** con efectos económicos e administrativos do 4 de decembro de 2025 cunha contía de 2.761,29€

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín

